

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cál é a forma correcta do número ordinal de 18?

- A) Décimo oitavo
- B) Décimo octavo
- C) Décimooctavo
- D) Décimoitavo

2. Traduza correctamente ao galego a seguinte frase en castelán: "Rompió el húmero y ahora tendrá que ir a rehabilitación".

- A) Rompeu o úmero, e agora terá que ir a rehabilitación.
- B) Rompeu o húmero, e agora terá que ir a rehabilitazón.
- C) Rompeu o húmero, e agora terá que ir a rehabilitación.
- D) Rompeu o úmero, e agora terá que ir a rehabilitazón.

3. Sinale a frase escrita correctamente:

- A) Os exames para xuíz son difíciles, pero para fisioterapeuta non.
- B) Os exámenes para xuís son difícis, pero para fisioterapeuta non.
- C) Os exámenes para xuís son difíciles, pero para fisioterapeuta non.
- D) Os exames para xuíz son difícis, pero para fisioterapeuta non.

4. Porción do esqueleto óseo en forma de bacía que se articula, por unha parte, coa columna vertebral e, pola outra, cos membros inferiores:

- A) Pelve
- B) Pelbe
- C) Pelvis
- D) Pelbis

5. Cada un dos dentes non afiados da parte posterior da boca cos que se tritura a comida:

- A) Mola
- B) Moa
- C) Malar
- D) Muela

6. Sinale a palabra escrita de forma incorrecta:

- A) Abstracción
- B) Obxecto
- C) Dicionario
- D) Estrutura

7. Sinale a opción incorrecta:

- A) A árbore
- B) O sangue
- C) O costume
- D) A mel

8. Instrumento sanitario que consta dun tubo, dentro do que escorrega un émbolo, e que vale, a modo de bomba, para extraer líquidos do organismo ou inxectalos, se se lle aplica unha agulla oca:

- A) Xeringa
- B) Xiringa
- C) Seringa
- D) Siringa

9. Xentilicio de Allariz:

- A) Allariciense/-ensa
- B) Alaricano/-ana
- C) Allarizano/-ana
- D) Allaricés/-esa

10. Curación natural das enfermidades, con pouca ou nula intervención médica terapéutica:

- A) Fisiocracia
- B) Fisioterapia
- C) Fisioloxía
- D) Fisiopatoloxía

Preguntas de reserva

1. Conxunto de ósos que forman o esqueleto da cabeza:

- A) Cráneo
- B) Craneo
- C) Cranio
- D) Cránio

2. Sinale a frase incorrecta:

- A) Acábalo de redactar
- B) Acabas de redactalo
- C) Acabas o de redactar
- D) Acabas de o redactar